



UNIVERSIDADE DE  
SANTIAGO DE COMPOSTELA

REGISTRO XERAL  
20. MAIO 94 02779  
SAIDA

Instrucción da Secretaría Xeral do 18 de maio de 1994 pola que se determina o modo de recoller en acta a cualificación outorgada por procedemento de revisión.

O artigo 158.3 dos Estatutos da Universidade concede ós alumnos o dereito de solicita-la revisión das cualificacións outorgadas, se consideran que foron obxecto de tratamento arbitrario ou discriminatorio.

Cando a petición do interesado é estimada, aplicando o procedemento previsto no regulamento de réxime interno do centro, prodúcese unha modificación da acta na que figura a cualificación inicialmente outorgada.

Polo tanto, é conveniente establece-las regras que deben terse en conta para facer constar en acta a nova cualificación.

ESTA SECRETARIA XERAL, dicta a seguinte Instrucción:

Primeiro.- Cando as Comisións ou Órganos de Revisións de Exámenes, actuando conforme ó procedemento establecido no Regulamento de Réxime Interno do Centro, modifiquen unha cualificación xa outorgada a un alumno, ésta deberá figurar en acta complementaria, asinada polos membros da Comisión, con dilixencia do Secretario do Centro, facendo constar esa circunstancia.

Segundo.- A acta será remesada por escrito do Sr. Decano ó Secretario do Centro. Éste tomará nota no Libro de Actas e remitiráa á Unidade de Xestión Académica, conforme se especifica no parágrafo 1º da Resolución do Rectorado do 5 de xullo de 1993.

Terceiro.- Na acta na que figure a nota modificada extenderase dilixencia polo Xefe da Unidade de Xestión Académica facendo constar que a cualificación do alumno de referencia aparece en acta complementaria, por ter sido obxecto de revisión.

Cuarto.- Unha vez cumprimentada a dilixencia suprascrita, o Xefe da Unidade de Xestión Académica responsabilizarase de introducir inmediatamente a cualificación revisada, que anula e deixa sen efecto a nota anterior; no expediente do alumno.

Santiago de Compostela, 18 de maio de 1994.



SECRETARIO XERAL

Enrique Jiménez Gómez

Sr. Xefe do Servicio de Alumnado